

2ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR (FPGIBGS) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE MEDICINA PREDITIVA PERTENCENTE Á INFRAESTRUTURA DE MEDICINA DE PRECISIÓN ASOCIADA Á CIENCIA E Á TECNOLOXÍA (Programa Cohorte IMPaCT)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur (FPGIBGS) asinaron o 23.07.2025 a addenda arriba referida.

A addenda subscrita ten por ten por obxecto a modificación das cláusulas terceira e quinta do convenio ao que esta se refire.

O Programa Cohorte-IMPACT é un estudo de investigación epidemiolóxica para comprender e mellorar a saúde da poboación española. Consiste en deseñar unha cohorte de base poboacional, prospectiva multipropósito, que está previsto que chegue aos 12.000 participantes na nosa comunidade autónoma, dos que 4.000 pertencerán á área sanitaria de Vigo. Estes participantes seguiranse con medicións e enquisas repetidas no tempo, durante 20 anos.

Os seus obxectivos son: mellorar a comprensión das causas das principais enfermidades e condicións de saúde; aumentar o coñecemento dos efectos sobre a saúde de múltiples factores: estrutura social e económica, xénero, ocupación e condicións laborais, contorna física (aire, auga, ruído, luz, etc.), ambiente microbiano (infeccións, microbioma), factores psicolóxicos; e estilo de vida, incluídos a dieta e hábitos alimentarios, a actividade física, o tabaco, o sono e os biorritmos circadianos; predicir o risco de enfermidade e de outras condicións de saúde e identificar biomarcadores de enfermidade subclínica ou en fases iniciais, así como biomarcadores de fenotipos específicos de potencial utilidade na práctica clínica.

Está liderado polo CIBER (Consorcio Centro de Investigación Biomédica en Rede), e no seu desenvolvemento están implicadas entidades dos Servizos de Saúde de todas as Comunidades e Cidades Autónomas e o Instituto Nacional de Estatística.

O Servizo Galego de Saúde e o CIBER suscribiron con data 9 de maio de 2022 o correspondente convenio, co obxecto de articular a relación entre ambos para a distribución dos fondos con ocasión da participación no Proxecto IMPACT de Medicina Preditiva, IMPACTCohorte (número de expediente IMP/00021) no que o Servizo Galego de Saúde actúa como entidade colaboradora segundo o Plan de Actuación do Programa.

O proxecto desenvólvese na área sanitaria de Santiago de Compostela no centro de saúde Concepción Arenal, na área sanitaria de Vigo no centro de Saúde Bembrive e na área sanitaria de A Coruña no centro de saúde San José. Asináronse tres convenios idénticos coas tres fundacións públicas de investigación sanitaria (Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur e Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC), para a realización das tarefas necesarias para o desenvolvemento do proxecto cada unha na área sanitaria do seu ámbito de actuación.

O Servizo Galego de Saúde e a Fundación Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur (FGIBGS) subscribiron con data 5 de outubro de 2023 este convenio, co obxecto de articular o desenvolvemento do programa de Medicina Preditiva (proxecto Cohorte IMPaCT) na área sanitaria de Vigo.

A elevada complexidade dos trámites previos ao comezo do proxecto fixeron imposible a posta en marcha para iniciar o seu desenvolvemento no período de execución establecido, polo que o CIBER, como entidade beneficiaria da subvención do Instituto de Saúde Carlos III, solicitou unha ampliación do período de execución por dezaoito meses a efectos de poder realizar as actividades previstas para a consecución dos obxectivos establecidos.

Como consecuencia diso, o Servizo Galego de Saúde e a FGIBGS subscribiron con data 29 de decembro de 2023 unha addenda ao convenio, co obxecto de ampliar o período de execución do proxecto ata o 30 de xuño de 2025 e modificar aqueles aspectos afectados por esta modificación. Un deste aspectos foi a redistribución dos fondos en dúas anualidades, os anos 2024 e 2025.

A vixencia do convenio segundo o establecido na cláusula décimo terceira ía dende a data da súa firma ata o 31 de xullo de 2025.

A cláusula terceira do convenio establece:

"O Servizo Galego de Saúde financiará por un importe total de cento dezaseis mil novecentos cincuenta e catro euros con noventa e sete céntimos (116.954,97 €) as actuacións necesarias para o desenvolvemento do proxecto con cargo á aplicación orzamentaria 5001.412B.481.00 do Servizo Galego de Saúde na cal existe crédito axeitado e suficiente.

Os fondos distribúense entre os anos 2024 e 2025 correspondendo setenta e oito mil novecentos noventa e nove euros con corenta e un céntimos (78.999,41 €) para o ano 2024 e de trinta e sete mil novecentos cincuenta e cinco euros con cincuenta e seis céntimos (37.955,56 €) para o ano 2025.

O importe total inclúe un 10% que corresponde a custos indirectos. Os custos indirectos non requiren xustificación e poden utilizarse nos conceptos que a entidade considere necesarios".



E na cláusula décimo cuarta do convenio establécese que *"de acordo co establecido no artigo 49 g). da lei 40/2015, do 1 de outubro, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de, caso de ser necesario, adaptar os seus contidos e as obrigas das partes a efectos de poder realizar as actividades previstas para a consecución dos obxectivos establecidos"..."as modificacións poderán afectar ao volume das actuacións a desenvolver pola FPGIBGS, ao seu prazo de execución ou a necesidades de financiación adicional das mesmas."*

Aínda que os fondos achegados polo CIBER repartíronse equitativamente entre as tres fundacións de investigación sanitaria, o ritmo de execución das actuacións non foi igual en todas as áreas e en consecuencia tampouco os gastos son iguais en todas as fundacións.

No caso da FPGIBGS os gastos son maiores ao orzamento estimado inicialmente.

Unha vez finalizado o período de execución do proxecto, o 30 de xuño de 2025, os fondos executados para as actuacións desenvolvidas pola FPGIBGS no ano 2025, desagregados por concepto de gasto reflíctese na táboa seguinte:

IMPACT- Cohorte Vigo	
Persoal	30.750,00
Bens e servizos	9.892,95
Viaxes e axudas de custo	446,80
Total custos directos	41.089,75
10% custos indirectos	4.108,97
TOTAL	45.198,72

Por outra banda, no caso da Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica (FINIBIC) os gastos foron menores ao orzamento estimado inicialmente e, segundo consta na acta da reunión da comisión de seguimento do seu convenio do 1 de xullo de 2025, renuncia aos oito mil cincocentos seis euros con noventa e nove céntimos (8.506,99 €) que non executou, para que se poidan utilizar para financiar as actuacións noutras áreas.

Por isto, fíxose necesario aumentar os fondos asignados á FPGIBGS para a anualidade 2025 ata corenta e cinco mil cento noventa e oito euros con setenta e dous céntimos (45.198,72 €), utilizando para elo sete mil douscentos corenta e tres euros con dezaseis céntimos (7.243,16€) dos fondos non executados pola FINIBIC, para o que foi necesario formalizar unha segunda addenda ao convenio subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a FPGIBGS o 5 de outubro de 2023.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

